

## ***As escolas de “Ave-María” en Ourense. Entre a innovación didáctica e o confesionalismo ideolóxico***

### ***The Ave-María Schools in Ourense. Between the didactic innovation and the ideological confessionalism***

*Rosa María CID GALANTE  
Xosé Manuel CID FERNÁNDEZ  
Universidade de Vigo*

RESUMO: Las Escuelas del Ave-María, creadas por Andrés Manjón a finales del siglo XIX y comienzos del XX y destinadas a los niños económicamente más desfavorecidos, conformaron un estilo y filosofía de enseñanza-aprendizaje muy diferente a lo que era habitual en aquel entonces en las pequeñas escuelas de primaria. Aunque los medios no eran muchos sí tenían importancia los principios pedagógicos y los métodos de enseñanza, métodos prácticos y activos que propiciarían un aprendizaje significativo. Estas escuelas se fueron creando a lo largo de la geografía española llegando también a Ourense en donde tenemos constancia de su creación y ubicación, así como de la llegada de profesorado que ejerció en la provincia y que estudiara en las Escuelas de Formación de Maestros del Ave-María. Estamos ante un estudio en el que, por una parte, se profundiza en los principios que regían las Escuelas del Ave María y para ello se hizo una lectura pormenorizada de los libros del fundador Andrés Manjón, y por otra, gracias a importantes documentos hallados en el Archivo de la Universidad de Santiago y en el Archivo del Ayuntamiento de Ourense, desvelamos la escuela de “Ave María” que se creó en la ciudad de Ourense y quienes fueron sus promotores y además conocemos el edificio destinado a dicha escuela construido por el arquitecto ourensano Vázquez Gulías.

ABSTRACT: The Schools of Ave-María, created by Andrés Manjón toward the end XIX century and beginnings of the XX and allocated to the boys economically more disadvantaged, conformed a style and philosophy of education-learning very different to what was usual at that time in the small schools of primary. Although the means were not many, they were very important for the pedagogical principles and the methods of education, practical and active methods, which enabled a significant learning. These schools were created all along the Spanish geography reaching Ourense too where we have proof of his creation and location, as well as of the arrival of teachers who carried out their work in the province and who studied in the Teacher Training Schools of Ave-María. We are before an interesting study for our province that, firstly, deepens into the principles governing the Schools of Ave María through the reading of the books written by the founder Andrés Manjón, and secondly, thanks to important

documents found in the Archive of the University of Santiago and in the Archive of the City Council of Ourense, we discovered the school of Ave María which was created in the city of Ourense and those who were its promoters and we managed to know the building destined to this school, built by the Architect from Ourense Vázquez Gulías.

**PALABRAS CHAVE:** Andrés Manjón. Escuela. Ourense. Pedagogía. Didáctica. Aprender a hacer. Aprendizaje por descubrimiento

**KEYWORDS:** Andrés Manjón. School. Ourense. Pedagogy. Didactic. Learning by doing. Learning by discovery

### **Padre Manjón: fundador das escolas**

Andrés Manjón era coñecido popularmente como Padre Manjón. Naceu en Sargentos de la Lora (Burgos), en 1846, e foi educado polo seu tío, párroco do lugar, e pola súa nai, que lle orientaron cara ao sacerdocio. Os seus primeiros anos de estudo foron durísimos para el, a pesar da súa brillantez intelectual, pola brutalidade que aplicaban os seus profesores.

Desde o Seminario de Burgos, en 1861, pasou a cursar estudos de Bacharelato, Filosofía e Dereito, doutorándose en 1873 pola universidade de Valladolid. En 1874 chegou a Madrid, onde fundou a academia chamada Estudo Privado dedicado aos alumnos de Ensino Secundario e exerceu como inspector e profesor do colexio de San Isidro. En 1877 gañou por oposición unha cátedra na universidade de Santiago de Compostela, e en 1880 conseguiu a cátedra de Disciplina Eclesiástica na universidade de Granada, cidade da que xa non saíra xamais. Naquel momento decidiu dedicarse ao sacerdocio, e en 1885 ordenouse e foi nomeado cóengo da Abadía de Sacromonte.

Que fixo que Padre Manjón tivese unha preocupación fonda pola educación, sobre todo dos sectores máis empobrecidos? Vexamos os precedentes da situación educativa do país que en tantos estudos se veu tratando. O ensino, a finais do século pasado, atopábase nun estado bastante deplorable, en xeral en todo o Estado. Segundo a lexislación vixente a educación debía ser obrigatoria e gratuíta para os que non puidesen pagala, pero, a realidade indícanos que a Administración do momento non se permitía atender as necesidades escolares e o panorama era deplorable. Había escaseza de escolas, e as que había, estaban instaladas en locais deficientes, casas alugadas e mal acondicionadas, sen patio para recreo, sen aseos, de espazos reducidos. Así que, poucas reunían as mínimas condicións pedagóxicas nin de salubridade. Os mestres carecían da debida preparación pedagóxica, moitos deles nin eran titulados, e estaban mal remunerados e mal considerados socialmente. Todo isto sería unha das moitas causas do analfabetismo da época. As familias máis desfavorecidas priorizaban outras cousas antes que a educación dos seus fillos e fillas, é dicir, os nenos e nenas tiñan que contribuir á economía familiar e, por tal motivo, non asistían ás escolas con regularidade e tampouco podían pagalas. Esta sería a causa que impulsaría ao Padre Manjón a crear unha serie de escolas gratuítas para os grupos máis desfavorecidos da sociedade. Mestura de: ilusión por botar a andar un proxecto orixinal con certa dose de innovación, e dirixida a minorías desescolarizadas, con ideoloxía

católica de escola benéfica, sostida con esmola, lonxe do concepto de igualdade, dereito á educación e pluralismo ideolóxico defendido polos estados modernos e por determinados sectores ideolóxicos emerxentes no Estado Español.

O himno avemariano expresa a loubaza á obra do fundador destas escolas:

GLORIA, GLORIA AL GENIAL PEDAGOGO  
DE LA ESCUELA CRISTIANA SOSTÉN  
QUE PASÓ POR LA TIERRA TRIUNFANTE  
DERRAMANDO A RAUDALES EL BIEN.  
GLORIA, GLORIA AL MENTOR DE LA INFANCIA  
QUE LA SENDA DE CRISTO SIGUIÓ  
Y LA ESCUELA DEL AVE MARIA  
EN LA HERMOSA GRANADA FUNDÓ.  
MIRANDO SIEMPRE HACIA LO ALTO  
LA VOZ DEL CIELO LE DECÍA: AVE, AVE, AVE, MARIA  
AVE, AVE, AVE, MARIA.  
CON ESTE HERMOSO LEMA,  
QUE EL CIELO LE INSPIRÓ,  
LA ESCUELA AVEMARIANA  
EN UN CARMEN FUNDÓ.  
SON SUS ESCUELAS LUZ Y ALEGRÍA  
DONDE APRENDIENDO ESTÁN  
ENTRE PLEGARIAS DE AVE MARIA  
LOS NIÑOS QUE ALLÍ VAN.  
EL PAN DEL CUERPO DAN CON CARIÑO  
Y PARA EL ALMA AMOR,  
CIENCIA CRISTIANA DEJA A SUS NIÑOS  
EL SANTO FUNDADOR.  
¡GLORIA, GLORIA, GLORIA AL FUNDADOR!  
¡GLORIA, GLORIA, GLORIA AL FUNDADOR  
POR SIEMPRE GLORIA AL FUNDADOR  
POR SIEMPRE GLORIA AL FUNDADOR!  
¡GLORIA AL FUNDADOR!  
¡GLORIA AL FUNDADOR!

### Que son as escolas de "Ave María"

"Andrés Manjón bajaba todos los días de la Abadía del Sacro-Monte para dar sus clases en la Universidad. Por el camino divisaba las humildes cuevas donde habitaban los gitanos, pueblo sumamente ignorante, que vivía en extrema pobreza y estaba sumido en una gran degeneración moral y social. Un día, de 1888, se sintió atraído por el canturreo de la doctrina cristiana que procedía de una de las cuevas cercanas al Camino del Monte. Se dirigió hacia allí y divisó a una anciana mujer, pequeña y vulgar, conocida por "maestra

---

1 [www.avemariacasamadre.org/himno/hinmo.htm](http://www.avemariacasamadre.org/himno/hinmo.htm)

migas”, rodeada de unas diez chiquillas, a las cuales cobraba entre dos y cinco céntimos diarios por cuidarlas y enseñarles a rezar y leen Impresionado por la acción de esta mujer, salida del Hospicio, con tres hijos y sin recursos para vivir, le ofreció una cueva mejor en la que, una vez instalada, duplicó el número de alumnas. A partir de entonces, se prestó a ayudarla ofreciéndole comida y el pago del alquiler de la cueva, a cambio, tenían que subir las niñas, los domingos y festivos, a la Iglesia del Sacro-Monte a oír misa, las explicaciones del evangelio y la doctrina cristiana. Transcurrido más de medio año, en el verano de 1889, la mujer hizo un viaje por mar a Barcelona para visitar a una hija y ya no volvió a verla. A pesar de los juicios peyorativos, que sobre ella se vertieron, tachándola de ignorante y loca, esta mujer le enseñó más que ilustrados amigos y cuerdos consejeros que le calificaron de loco por intentar fundar una escuela en aquella zona, pues, como él mismo dijo: “si con una tal Maestra y un tal local y tan escasos medios se ha podido organizar de niñas en el Camino del Monte, que era de lo más inculto y pobre de Granada, ¿quién duda que, mejorándolo todo se llegará a tener un colegio con todo cuanto se quiera?”<sup>2</sup>

O Padre Manjón mercou unha casa-xardín e contratou a unha mestra co título oficial para crear unha escola de nenas. Posteriormente creouse outra para nenos e en ambas as dúas foi crecendo paulatinamente o número de escolares. Isto deu paso a extensión deste tipo de escolas ata rodear á cidade de Granada cos “campamentos escolares”, para posteriormente exceder os límites provinciais e chegar a crear outras escolas en Burgos e de aí a outros países. Esta expansión gradual foi conseguida polas axudas, subvencións, donativos... así como pola venda de libros. En 1918 había escolas del Ave-María en 36 provincias españolas e 400 no mundo.

O 29 de xuño de 1902 constituíuse a Sociedade Escolar da Ave-María, cuxa Xunta directiva estaba composta por un director, dous asesores, un dos cales era subdirector e o outro secretario, e un tesoureiro. Esta Xunta encargábase dos asuntos intelectuais, morais, legais e económicos, pero seguía sendo Manjón o que tomaba as decisións. A constitución da Xunta foi, máis ben, un trámite legal para poder manter o importante patrimonio conseguido até entón.

Eran escolas que acollían a nenos pobres, completamente gratis dende os tres anos ata cando quixeran permanecer. Ao respecto dicía textualmente:

“Nada se cobra a nadie por enseñarle, y al contrario, se le regala, no sólo lo que se le enseña, sino todos los medios de enseñanza (libros, papel, pluma, tinta, lápiz, agujas, tela, hilo, todo), y aun vestido, calzado y comida hasta donde se puede.

¿De donde sale para tanto gasto?

El que esto dirige vive de un sueldo; los gastos que se hacen importan seis veces más de lo que cobra; luego no es él el que lo sostiene. El Ave-María vive de lo que le dan, vive de limosna, y careciendo de capital, es tan rica que ha podido gastar cada año más de 50.000

---

2 Franciso Canes Garrido, “Las escuelas del Ave María. Una Institución Renovadora de finales del siglo XIX en España” en *Revista Complutense de Educación*, 1999, vol. 10, nº2, 149-166.

pesetas, que equivalen a la renta de millonarios. ¿De dónde ha salido? De donde sale todo: del corazón de los buenos..."<sup>3</sup>

Nun principio tiñan preferencia as nenas (xa que tiñan máis desvantaxe no eido educativo) pero logo xa se admitían nenos. Distribuíase en tres graos ou niveis: o nivel infantil no que se daba unha ensinanza completa e integral; o de primaria onde se lles ampliaba e, finalmente, o nivel adulto para completar e profundar nos contidos<sup>4</sup>.

### Principios pedagóxicos avemarianos

Aínda que estamos inmersos nun período pouco incentivador da cultura e do pensamento libre, o Padre Manjón, creou coas súas escolas un oasis pedagóxico. E dicimos oasis pedagóxico pois movíase nuns principios que podemos definir como modernos. Se revisamos os escritos do Padre Manjón, aínda que baixo o palio da relixiosidade e patriotismo, observaremos que non está lonxe da pedagogía activa da época, con elementos que aínda hoxe serían innovadores, no que ten de respecto pola infancia e o seu desenvolvemento integral.

"¿Queréis la expresión sincera acerca del reglamento del Ave-María?

Aquí la tenéis: *El Ave-María carece de reglamento.*

Cuando esto respondo a quienes me preguntan, y ellos o dudan o se admiran, yo replico: ¿Sabéis lo que es enseñar en el campo, enseñar jugando, enseñar haciendo, enseñar en humano, libre, español y cristiano, enseñar gratis a todo el mundo y enseñar paternal y socialmente, cooperando con los demás coeducadores? Pues si lo sabéis, juntadlo en uno y ya tenéis Escuelas del Ave-María llevadas hasta el ideal".<sup>5</sup>

As ensinanzas e os principios que nas escolas se impartían e inculcaban foron recollidas en doce volumes titulados *Hojas Evangélicas y pedagógicas del Ave María*, nelas podemos observar os artigos que rexían estas escolas<sup>6</sup> e tamén en *Lo que son las Escuelas del Ave-María. Modos de enseñar. Hojas pedagógicas*<sup>7</sup>. Segundo o Padre Manjón, a educación debía ter un fin cristián, moral, integral (nisto último coincide cos rexeneracionistas e cos da ILE) pois concibía que a educación debía abranger a toda a persoa, darlle unha formación completa, que imprimise carácter. Así mesmo, a formación debía comezar dende o berce, no propio seo familiar, e xa na infancia dar paso, de forma gradual,

3 Andrés Manjón, *Lo que son las Escuelas del Ave-María. Modos de enseñar. Hojas pedagógicas*, Patronato de las Escuelas del Ave-María, 1920, p. 143.

4 Francisco Canes Garrido, "Las escuelas del Ave María..." *Op.cit.*

5 Andrés Manjón, *Hojas evangélicas y pedagógicas del Ave-María*, Obispado de Madrid-Alcalá, Madrid, Imprenta Talleres Penitenciarios de Alcalá de Henares, 1946, p. 283.

6 Dispoñemos tamén do fondo que ten a Biblioteca da Universidade de Vigo onde podemos atopar os seguintes títulos de Andrés Manjón, popularmente coñecido como Padre Manjón: *El pensamiento del Ave María*, publicado en 1958; *El maestro mirando hacia fuera o de dentro a fuera*; *Tratado de Educación*, publicado en 1947; *El maestro mirando hacia dentro*; *Hojas cronológicas del Ave-María*; *Hojas evangélicas y pedagógicas del Ave-María*; *El pensamiento del Ave-María*; *Hojas catequistas y pedagógicas del Ave-María*.

7 Andrés Manjón, *Lo que son las Escuelas del Ave-María. Modos de enseñar. Hojas pedagógicas...* *Op.cit.*

a unha educación continua, progresiva, estética (cultivando a música, debuxo e poesía) e útil, unha educación que serva para o futuro. Segundo os principios de Andrés Manjón, a educación sería activa, tanto por parte do docente como por parte do escolar; sería lúdica e significativa, aproveitando os espazos ao aire libre, as recreacións de feitos históricos, xogos populares. En definitiva, “aprendían facendo” o que confería á educación un carácter intuitivo e unha aprendizaxe por descubrimento.

Para el todas as demais teorías pedagóxicas da época, xa fose a pedagogía naturalista, paidocentrista, socialista, panteísta, individualista, pragmática... eran incompletas e estaban en loita co Evanxeo. El defendía unha educación relixiosa-moral máis que a científica-moral pois aquela implicaba forxar os individuos. A idea persistente e insistente do Padre Manjón era a de que a didáctica avemariana se ordenaba educando conforme a vida polo Evanxeo<sup>8</sup>.

“En un viaje de instrucción que hacía un Maestro a sus alumnos, les decía: Mirad esos cabos que valientes avanzan mar adentro, se elevan robustos sobre peñas incommovibles, y en cuyos promontorios más visibles la providencia del hombre ha puesto faros, para que los navegantes sepan donde están, eviten el naufragio y sigan su marcha.

Así en el mar inmenso de las ideas morales y sociales hay un faro que, puesto en lo alto de la roca incommovible de la Iglesia, penetra con sus rayos mar adentro en las cuestiones más hondas, y con luz clara y serena muestra la orientación conveniente a individuos y pueblos. Ese faro es el Credo.”<sup>9</sup>

Definía a Pedagogía como “a ciencia e a arte de educar e instruír ao home, isto é, un conxunto de principios científicos e regras prácticas cuxo obxecto final é facer homes cabais e completos”<sup>10</sup>. Da Educación dicía: “é cultivar e desenvolver cantos xermes de perfección física e espiritual puxo Deus no home”<sup>11</sup>. Vía na educación un poderoso medio para a redención social e individual e a medida para coñecer o progreso dun pobo. O pedagogo tiña que ser antropólogo para coñecer a natureza do educando; debía ser teórico e práctico, sabedor dos métodos e experimentado nos procedementos de ensino.

Conta Luis Alonso Luengo, o que foi membro da Real Academia de Historia e Maxis-trado do Tribunal Supremo, no seu artigo “Un libro de mi biblioteca” que acompañou con outros catro compañeiros ao profesor Pérez Bueno, catedrático de Historia Natural, nun recorrido polas Universidades de España. Nese recorrido foron visitar ao Padre Manjón do cal dixo:

8 Agustín Parrado, (ARZOBISPO DE GRANADA) “Prólogo” en Andrés Manjón, *El maestro mirando hacia dentro*, Alcalá de Henares, Imprenta Talleres Penitenciarios de Alcalá de Henares, 1942, pp. XX-XXI.

9 Vid: Andrés Manjón, *Hojas catequistas y pedagógicas del Ave María*, Granada, Imprenta Escuela del Ave María, Libro 2º, 1926, p. 72.

10 Vid: Andrés Manjón, *Discurso leído en la solemne apertura del curso Académico 1897 a 1899 en la Universidad Literaria de Granada*, (4ª Edición), Granada, Imprenta del Ave-María; citado por Francisco Canes Garrido, “Las escuelas del Ave María. Una Institución Renovadora de finales del siglo XIX en España” en *Revista Complutense de Educación*, 1999, vol. 10, nº2, p. 10.

11 Ibidem.

"Pérez Bueno quiso antes de marchar de Granada, hacer otra visita a las Escuelas del Ave María del Padre Manjón, donde este ejemplar sacerdote había puesto en vigor unas originalísimas ideas pedagógicas adecuadas a distintos estratos sociales y a las distintas edades de los estudiantes. Desde los jóvenes escolares para párvulos y desde los jardines escolares hasta aquellas otras aulas que podían parangonarse con las Escuelas de Maestría de hoy, y que, empezando por los gitanos del Albaicín, habían roto el analfabetismo y habían elevado en grado sumo una juventud que se extendía casi a límites universitarios.

Tengo el recuerdo del Padre Manjón como un hombre simpatiquísimo, con un enorme don de gentes y con una capacidad suasoria y de convicción, que la hacían apto para una singular pedagogía que si se extendió por estratos sociales más bajos que los universitarios, no dejó de tener gran eficacia en su momento"<sup>12</sup>

### **Sobre o profesorado das escolas del Ave-María**

En relación ao profesorado, Andrés Manjón fai unha exposición en detalle das características que debía reunir un bo docente no seu libro titulado "El Maestro mirando hacia dentro". Está estruturado en oito capítulos titulándoos do seguinte xeito: Prudencia, Xustiza, Fortaleza e Templanza, Relixión, Fe, Esperanza y Caridade. Cada un deles divídese en trinta artigos que tratan destas virtudes e outras dignidades<sup>13</sup>. Andrés Manjón consideraba importantísimo a formación dos mestres e mestras das Escolas de Ave María pois dicía que podía ser "conformador" ou "deformador" de caracteres. Deste xeito estaba garantizado que os docentes seguían os preceptos avemarianos. Os Mestres de Ave-María podían formarse acudindo á Escola Normal e facer as prácticas nas escolas Ave-María, deste xeito obterían o título de Mestres e estarían ao cargo das Escolas avemarianas (Manjón, 1942). Tamén se contemplaba a complementación da formación dos Mestres nun Internado, creando a tal fin o Seminario para la Formación de los Maestros del Ave-María en Granada, concedendo, a aqueles profesores que sacaban as mellores cualificacións, becas que consistían en non aboar a matrícula e dispor de libros gratuítos. De non darse o caso había pensións case gratuítas, pois por unha peseta dábbase casa, ensinanza e alimento a aqueles futuros docentes que acudían a dito internado<sup>14</sup>.

### **Contidos a ensinar nas escolas do Padre Manjón**

Na publicación *Hojas catequistas y pedagógicas*<sup>15</sup> que comprende varios volumes podemos enumerar os contidos a desenvolver nas escolas. Ditos contidos impartíanse de forma progresiva e gradualmente nas escolas e, comparativamente co currículo oficial da época, pódese dicir, nalgúns casos, que resultan innovadores. Nos contidos lingüísticos

12 Vid: Luís Alonso Luengo, "Un libro de mi biblioteca" *Argutorio*, nº 18, 1º Semestre 2007, p. 17.

13 Vid: Andrés Manjón, *El Maestro mirando hacia dentro*, Alcalá de Henares, Imprenta Talleres Penitenciarios de Alcalá de Henares, 1942.

14 Vid: Andrés Manjón, *Hojas evangélicas y pedagógicas del Ave-María...op.cit.*, pp. 320-321.

15 Vid: Andrés Manjón, *Hojas catequistas y pedagógicas del Ave-María*. Imprenta Escuela del Ave María, vol. 1 ao 5, 1921 a 1928.

(como indica “*o home en canto animal que fala*”) incídese na morfoloxía das palabras: dos verbos (o que expresan, a división pola significación, composición, conxugación, tempos.); dos artigos; dos adxectivos e os tipos; do participio e dos adverbios. Tamén hai un interese pola sintaxe onde se aplica a clasificación de oracións simples e compostas (subordinadas e coordinadas). E non se esquece da ortografía.

Nos contidos matemáticos (“*o home en canto animal que calcula*”) introduce contidos básicos de operacións simples pero hai tamén xeometría, proporcións xeométricas e resolución de problemas con operacións combinadas como a regra de tres simple.

Hai un desenvolvemento amplo de contidos na materia de Xeografía que vai dende o estudo do planeta e a Terra como un astro, estudo da Terra dende un punto de vista físico (estudo do relevo, clima, augas) ; o emprego de mapas e orientación nos mapas e xeografía descritiva de España (orografía, hidrografía, materias primas, vías de comunicación) e como único continente estúdase África: os seus límites, extensión, poboación, orografía, hidrografía, climas, industria e comercio e estudo dalgunha rexión como a de Marrocos.

Nos contidos de Natureza estúdase a auga (interior, estancadas, flotantes, correntes) e a fisioloxía humana.

Na historia céntranse na historia de España e na Física nas propiedades dos corpos e particularidades.

Hai unha preocupación polos contidos de cidadanía (“*O home como ser social*”). Nesta materia fálase da poboación, razas, civilización, familia, urbanidade. E incúlcense nocións de dereito e patria (“*O home como animal político*”).

Nos contidos relixiosos os contidos están centrados nas nocións de valores e conceptos como a gracia, o perdón, a morte... E incide na institución eclesiástica como a Igrexa.

Este currículo estaría na liña do establecido pola lexislación do momento, pero a súa notoriedade pode vir dada porque, se temos ten conta que na maioría das escolas do momento non se impartían todas as áreas reducíndose ás máis básicas e fundamentais para imprimir uns rudimentos que permitiran ter aos/ás alumnos/as certo desenvolvemento na vida —pois na filosofía educativa da época reinaba a convicción de que a estratificación social era equiparable á división da educación— este detallado currículo non sería descochado polo profesorado preparado ad hoc para impartir nestas escolas.

### **Metodoloxía de ensinanza Ave-María**

No libro *El Pensamiento del Ave-María. Modos de ensinar e tamén no titulado Lo que son las Escuelas del Ave-María. Modos de ensinar. Hojas Pedagógicas*; Andrés Manjón vai explicando e xustificando a metodoloxía que debe rexer toda escola del Ave-María. Centra moito a aprendizaxe na experimentación e comprensión dos contidos que se imparten e para Manjón a mellor forma é a de “aprender facendo”. As bases da metodoloxía eran: ensinar no campo, ensinar gratis, ensinar xogando, ensinar cantando e educar en humano e cristián.



"Pensar que la Escuela es una habitación cuadrilonga, con plataforma, sillón y mesa, seis u ocho bancas, un estante varias muestras y algunos mapas, y que para enseñar y aprender hay que entrar allí, y no puede hacerse en otra parte ni de otra manera, es achicar y empequeñecer la Escuela, al Maestro, la educación y al educando".<sup>16</sup>

Nas escolas del Ave-María, ensinábase e a Historia con estampas, coa "rayuela", e tamén dramatizando aos personaxes históricos:

"Además del mapa, un gráfico de la Historia Patria. Este gráfico puede ser, ya el cuadro que hay en el techo del salón dedicado a Historia Patria de nuestras Escuelas, en el cuál por líneas, colores y nombres se expresa el tejido de los acontecimientos principales, con los personajes que en ellos han intervenido, y es lo mejor; ya el conocido gráfico de la rayuela, que se presta a ser trazado en el suelo, en la pared o encerado, y es el que aquí usaremos, pues el primero no lo podemos trasladar hoy al papel.


Si alguno nos pregunta por qué empleamos este medio, le diremos que por varios motivos. Uno es que los niños se muevan, otro que se fijen, otro que jueguen, otro que tracen gráficos, otro que por las líneas se graben las ideas, otro que como el gráfico es una especie de pauta, en ella caben lo poco y lo mucho, los hechos principales para los que empiezan y las ampliaciones y detalles para los que amplian y perseveran, y así como las niñas comienzan a bordar en cañamazo, nuestros pequeños empiezan a historiar en la rayuela, que es su cañamazo o cosa equivalente<sup>17</sup>.

---

<sup>16</sup> Ibidem, p. 65.

<sup>17</sup> Andrés Manjón, *Hojas catequistas y pedagógicas del Ave-María*, Imprenta Escuelas del Ave-María, Libro 5º, 1928, p. 82.

“Rayuela para estudiar a Historia”



Andrés Manjón, *Hojas catequistas y pedagógicas del Ave-María*, Imprenta Escuelas del Ave-María, Libro 5º, 1928, p. 82.

Nota: Cada letra significa un nome. Na cabeceira aparece un círculo que simboliza Deus. O triángulo simboliza a Trindade. As letras A e Z son os símbolo do principio e fin.

A letra T é Túbal, o primeiro poboador de España.

A letra C refírese aos celtas.

A letra I refírese aos Iberos.

As letras F, G, C refírese aos Fenicios, Gregos e Cartaxinenses.

As letras R+R aos romanos.

As letras S, V, A refírense aos Suevos, Vándalos e Alanos.

A letra V aos Visigodos.

As letras da dereita da diagonal representan aos musulmáns (Emires, Califas, Almohades, Almorávides, Beni-merides e Taifas)

As letras da esquerda da diagonal representan aos cristiáns (Asturias, Asturia-león, Castela-León, Casa de Trastámara e Castilla e Aragón)

Depois dos Reis Católicos reínan en España a casa dos Austria con Felipe I, Carlos I, Felipe II, Felipe III, Felipe IV e Carlos II.


Logo a Dinastía Borbónica con Felipe V, Fernando VI, Carlos IV, Fernando VII, Isabel II, Alfonso XII e Alfonso XIII. Tres interrogantes. Revolución do 68 e reinados provisionais de Amadeo de Saboya, República.

O Remendo da P refírese a Portugal que se independizou con Felipe IV. Tamén a letra G de Gibraltar da que se apoderou Inglaterra pola guerra de secesión con Felipe V.

As mans que indican dereita e esquerda refírense aos territorios de expansión de España a América e Europa.

Ao final aparece un triángulo referido á Masonería e a Cruz refírese ao porvir.

Aos nenos e nenas ensinábaselles con métodos moi activos, comprensivos e visuais, así os mapas mundi de relevo estaban sumerxidos na auga nunha alberca de ladrillo e cemento e os continentes estaban feitos de pedra labrada colocada en medio dos grandes mares. Aproveitábase para orientar aos nenos que saltarían sobre o continente nomeado e que non está afundido. As cores eran importantes: Europa de verde, África de negro, Asia de amarelo, América de cor cobre e Oceanía de verde aceitunado. Os mapas de España situábanse nun xardín e os nenos situábanse por riba dos accidentes xeográficos e nomeábano. Os ríos marcábanse con aramios ou cordas, tamén podían deixar correr a auga por eles. Así todo un conxunto de procedementos activos que lograrían, sen dúbida, unha aprendizaxe rápida e significativa para os nenos e nenas destas escolas.



(Fonte: Fotografía extraída de Andrés Manjón, *Las Hojas Evangélicas y Pedagógicas del Ave-María*, Patronato de las Escuelas del Ave-María, 1920)



(Fonte: Fotografía extraída de Andrés Manjón, *Las Hojas Evangélicas y Pedagógicas del Ave-María*, Patronato de las Escuelas del Ave-María, 1920)

E algo importante para complementar a metodoloxía era o *diario escolar* xa que, segundo Andrés Manjón, permitía revisar, comprender, expor, reflectir...o aprendido: “*Es un medio de recordar el sujeto hechos, asuntos y propósito, que tan fácilmente se escapan de la memoria, y si los diarios se archivan en la Escuela, vienen a ser una historia fiel y comprobada de ésta y de los alumnos, en sus parte interna y externa, y hasta una pequeña biblioteca de costumbres, dichos y pensamientos del pueblo, escritos por los hijos del mismo pueblo...*”<sup>18</sup>.

Son métodos moi “revolucionarios” para a época, métodos moi modernos, pedagogía activa, creativa, significativa e ilustrativa. Pedagogía de hoxe.

### Chegada a Ourense das escolas de “Ave-María”

As escolas del Ave María espalláronse por todo o territorio español, en 1917 xa se contabilizaban máis de duasetentas escolas e estas ían en aumento progresivo<sup>19</sup>. En *Las hojas cronológicas del Ave-María* aparece a relación nominal do profesorado en toda España e a través desta nómina púidose elaborar a seguinte táboa estatística:

**Táboa 1**  
**Número de escolas de Ave-María en España en 1917**

Comunidades	Número de escolas
Andalucía	1
Asturias (En Oviedo)	29
Cantabria	6
Castela-León	16
Castela-Mancha	13
Cataluña	4
Estremadura	8
Galicia	5
Madrid	23
Murcia	2
Navarra	3
País Vasco	4
Valencia	8

18 Vid: Andrés Manjón, *El pensamiento del Ave-María. Tercera parte. Modos de enseñar*, Imprenta Escuela del Ave-María, Granada, 1935, p. 29.

19 Vid: Andrés Manjón, *Hojas cronológicas del Ave-María*, Granada, Imprenta del Ave-María, 1921, p.53.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados por Andrés Manjón en *Las hojas cronológicas del Ave-María...Op.cit.*, pp. 100-107.

**Táboa 2**  
**Número de escolas de Ave-María en Galicia en 1917**

Provincia	Número de escolas
A Coruña (Labaca)	2
Lugo (Vilalba)	1
Ourense (Rúa Feijóo, 8)	1
Pontevedra (Moraña)	1

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados por Andrés Manjón en *Las hojas cronológicas del Ave-María...Op.cit.*, pp. 100-107.

Obviamente, o maior número de escolas que se abren é en Andalucía, pero tamén é sorprendente a repercusión que tivo en Oviedo. Sen embargo, en Galicia, apenas tiveron repercusión.

Pero como observamos, estas escolas tamén chegaron a Ourense. En principio, en 1917 figura un mestre, chamado Bruno Martínez, que impartía clases na escola sita na Rúa Feijóo número 8 (recinto da Igrexa da Trindade), zona deprimida da cidade, mais con importantes centros educativos e culturais: Instituto, Normais, Anexas, ELN, Academia Manuel Sueiro, Biblioteca. En anos posteriores, e segundo os datos que manexamos, parece ser que na capital ourensá fundáronse algunhas escolas máis del Ave María.

Segundo o artigo 12 do regulamento das Escolas del Ave-María, calquera podía fundar unha Escola de Ave-María sempre que tivese os medios necesarios<sup>20</sup>. Os puntos sobre os que se sostiña a fundación das escolas eran os seguintes<sup>21</sup>:

20 Vid: Andrés Manjón, *Hojas evangélicas y pedagógicas del Ave-María...op.cit.*, pp. 313-314.

21 Vid: Andrés Manjón, *Hojas cronológicas ...Op.cit.*, p. 55.

- 1.º Local, a ser posible, con campo o en el campo.
- 2.º Maestro, que damos siempre que podemos.
- 3.º Dotación de éste, que será de 1.500 pesetas al año, por lo menos, más viaje y casa pagados.
- 4.º Menaje, que suele ser el ordinario, más algunos gráficos.
- 5.º Armonía con el Párroco, para que pueda llamarse escuela católica y aun parroquial.
- 6.º Independencia o autonomía económica. Cada escuela vive de sus rentas y administra sus propios intereses.
- 7.º Dependencia pedagógica de la Escuela Madre, de la cual recibirá dirección, consejo, inspección y las Hojas o impresos, contribuyendo con algún subsidio, voluntario en cuanto a la cantidad, para sufragar los gastos, y también en señal de amor y unión a la Institución del Ave-María, que es pobre y vive de limosna, que es madre y cuida de sus hijos.
- 8.º Unión y solidaridad entre los Maestros del Ave-María, mediante obras prácticas de mejoramiento moral, espiritual, pedagógico y aun económico, como un Montepío a favor de los que perseveren, al cual se aspira.


Deste xeito, case estaríamos a falar de escolas “franquicias” dado que o que a rexentaba non era persoal directo nomeado pola Central senón diverso persoal como sacerdotes, mestres, mestras... con suficiencia docente e que así o solicitase. Estas escolas creadas por Mestres ou Mestras e que están fóra de Granada (que sería a Sede Central), como é o caso das de Ourense, gozarían de vida propia e serían sostidas por quen as fundaba<sup>22</sup>.

En 1917 faise unha solicitude por parte de Don Bruno Martínez Díez de Burgos, de 20 anos de idade, mestre e profesor das Escolas de Ave-María, para abrir na Rúa Padre Feijoo nº8 unha escola de primeira ensinanza de Ave-María<sup>23</sup>. Presenta para iso o plano da escola que consta de seis estancias, dúas das cales están destinadas ás clases, outra a un aseo, aparecen outras estancias das que non se nos detalla para que están destinadas e un amplo patio de recreo. Bruno Martínez é o profesor de Matemáticas das Escolas Normais de Mestres<sup>24</sup>

22 Vid: Andrés Manjón, *Hojas evangélicas y pedagógicas...Op.cit.*, pp. 322.

23 AHUS, *Escuelas privadas con referencia en Expedientes personales*, leg. 230.

24 Cid Fernández, XM. (2006) “Facultade de Educación. Herdeiros dunha extraordinaria tradición pedagóxica. Setenta e cinco anos de formación de educadores en Ourense (1915-1990)” en *Repensar a educación e a sociedade: realidades e desafíos*, Vigo, Servizo de Publicacións Universidade de Vigo, pp. 15-40.



Plano da Escola de Ave-María. AHUS (Arquivo Histórico da Universidade de Santiago), *Escuelas privadas con referencia en Expedientes personales*, leg. 230.

As condicións expostas non son outras que as que establece a Fundación Ave-María, é dicir, parte da idea de que o pensamento desta escola é desenvolver as facultades, coñecementos e procedementos dunha escola cristiá tomando por materia céntrica o catecismo e a Doutrina Cristiá. A ensinanza sería gratuíta, unicamente para nenos pobres e orfos<sup>25</sup>. Estes serán admitidos en calidade de externos, dende os 6 aos 13 anos e serán clasificados en varias seccións ou graos segundo o seu coñecemento.

As horas de clase fan de nove a doce da mañá e de dúas a cinco da tarde<sup>26</sup>. En canto ao método aplicado será o intuitivo, é dicir, o implantado por Andrés Manjón. Unha práctica habitual será a aplicación de premios e castigos. Como premios daranse prendas de vestir, libros, ascensos de postos na clase. Como castigos contéplase a privación de ditos obxectos, o descenso de postos e outros moderados que afixan ao neno.

O material empregado na escola que se solicita abrir comprende a Colección de carteis por José María Florez; Pensamiento Infantil por S. Calleja; El Juanino por L.A. Parravicini; Fábulas de Iriarte; Escritura inglesa por Hernando; Escritura española por José

25 Segundo un dos artigos do regulamento das escolas de Ave-María: "El Ave-María admite gratis a todos los niños que le sean presentados por sus padres, sin exigirles otra cosa que su persona (exenta de enfermedad contagiosa) y una buena voluntad; y los conserva a sus Escuelas por todo el tiempo que ellos quieran estar", vid: Andrés Manjón, *Hojas evangélicas y pedagógicas del Ave-María...op.cit.*, p. 319.

26 O regulamento oficial dicía: "De nueve a doce por la mañana y de dos a cinco por la tarde; pero descansando de diez y media a once y de tres y tres cuartos a cuatro..."

"Empleo de las cinco horas de clase: Nueve a diez y media: lista, revista de aseo, explicación del pensamiento educador fundamental del día, lectura explicada con ejercicios de Gramática o Lengua, y escritura. De diez y media a once: Juego. De once a doce: Cálculo, algo de Aritmética y Geometría, destinando el último cuarto de hora, a solfeo, cinco días, y uno a canto, así como los intervalos, cambios de ocupación y lugar. Por la tarde: Después de comer y jugar, de doce a dos (menos los meses de noviembre a febrero inclusive, que será de doce a una y media), de dos a tres y media se dará Religión o Doctrina e Historia de la Religión y se leerá; de tres y media a cuatro se visitará al Santísimo y se jugará, y de cuatro a cinco se leerá y tratará unos días de Geografía e Historia patria y otros días de Ciencias naturales o físicas, de higiene, de urbanidad, etc. Es de advertir que siempre que se lee se estudia. Vid: Andrés Manjón, , *Hojas evangélicas y pedagógicas del Ave-María...op.cit.*, p. 324.

Caballero; Gramática pola Real Academia; Catecismo de Astete; Aritmética por Palucie; Geometría por García Barbarin; Historia de España: Obras Ave-María por Don Andrés Manjón; Historia Sagrada por Fleury y Colección de láminas por Calleja<sup>27</sup>.

Temos constancia, grazas a un documento atopado no Arquivo do Concello de Ourense, de que en 1921 se solicita a construción dun edificio novo para a Escola de Ave-María na mesma rúa Padre Feijoo:

Mariano Olmedo Reguera, casado, maior de idade, vecino de este Ayuntamiento y provisto de cédula personal clase 7ª nº 4625 que exhibe, a VE expone:

Que es Presidente de la Junta de Escuelas del Avemaría, y en nombre y representación de la misma, solicita de la Exma. Corporación autorización para construir un edificio para dichas Escuelas, conforme con el plano que le acompaña en el solar adquirido con dicho objeto en la calle del Padre Feijoo.

Y como para ello necesita licencia del Exmo Ayuntamiento y al mismo tiempo que le den línea para edificar es por lo que recurre en demanda de dicha licencia.

Al propio tiempo y teniendo en cuenta que dichas Escuelas son para niños pobres y absolutamente gratuitas, suplica la exención de los Arbitrios Municipales correspondientes a toda edificación, una vez que los niños que materialmente se beneficiaran son los pobres y en una cosa tan esencial como la Enseñanza.

Es gracia que espera alcanzar de la reconocida justicia de VE. Orense 23 de Marzo de 1921.  
Firma: Mariano Olmedo.<sup>28</sup>


O solicitante fai presentación do plano e proxecto de fachada do edificio e a Comisión parece acceder ao solicitado en canto á licenza de construción e sinalamento, por parte do arquitecto, da liña na rúa indicada.

---


27 Comprendía as seguintes materias: Doutrina cristiá; Historia sagrada; Lectura; Escritura; Aritmética; Xeometría; Xeografía; Gramática; Historia patria; Labores, segundo os sexos, os nenos en campos agrícolas e talleres e as nenas nas tarefas propias da muller; Música e canto; Ximnasia, por medio de xogos libres, vixiados polo mestre; e Hixiene. Os alumnos maiores, que máis sobresalían, estudaban preferentemente para sacerdotes ou mestres e os demais aprendían un oficio (Manjón, A. *Pensamiento de la Colonia escolar titulada Escuelas del Camino del Sacro-Monte o Colegios delA ve-María*. Granada: Imprenta de Indalecio Ventura, 1895, pp. 7-9, citado por Francisco Canes Garrido, "Las Escuelas del Ave María: una institución renovadora..." *Op.cit.*, p. 13).

28 AMOU (Arquivo Municipal de Ourense), *Permiso de obras. Proyecto de Escuelas*, Caja 18, leg. 16.





Alzado da escola de Ave-María deseñada por Vázquez-Gulías. AMOU, *Permiso de obras. Proyecto de Escuelas*, Caja 18, leg. 16.



Plano da escola de Ave María. Plaza del Jardín. AMOU, *Permiso de obras. Proyecto de Escuelas*, Caja 18, leg. 16.

Agora ben, non se accede á condonación de arbitrios que ascendían a 187 pesetas con 50 céntimos (correspondentes aos metros de fachada a razón de 1,25 o metro) por non estar nas atribucións do municipio ter que facelas. Pero como a construción proposta era para un fin humanitario o Concello acorda conceder unha subvención.

A Comisión de Policía Sanitaria non atopa ningún inconveniente en que se conceda a Don Mariano Olmedo a apertura do novo establecemento xa que se atopa en boas condicións, debendo especialmente condicionarse que o edificio deberá ter dotación de auga suficiente para os servizos de limpeza e os retretes e urinarios con peches hidráulicos e tubos de saída de gases ata a altura do máis alto dos edificios inmediatos<sup>29</sup>.

O arquitecto que deseñou o edificio para a Escola del Ave María, hoxe desaparecido, foi Don Manuel Vázquez Martínez ou Vázquez Gulías<sup>30</sup>.



Vázquez Gulías. Foto extraída de Victoria Carballo-Calero, “Arte en piedra” en *Ourense en el siglo XX*, La Voz de Galicia, p. 172.

Este edificio solicitado, e segundo o debuxo presentado permitía a ampliación da escola e a mellora das instalacións. Tratábase dun edificio cun soto e unha planta cunha

---

<sup>29</sup> Ibidem

<sup>30</sup> Naceu en Beariz o 30 de agosto de 1869. Don Daniel Vázquez Martínez ou Vázquez Gulías era fillo do médico Don Francisco Javier Vázquez Gulías e de Dolores Martínez Branco. Estuda na Escola de Arquitectura de Madrid entre 1889 e 1895 obtendo o título de arquitecto o 13 de Marzo de 1897. Ao ano seguinte chega a Ourense para substituír como arquitecto municipal a Don José Antonio Queralt Rauret. En 1899 suple vacante o cargo de arquitecto diocesano por cambio de residencia de Don Antonio Queralt quen se establece en Pontevedra. Foi tamén arquitecto de Facenda. A súa arquitectura pódese denominar “doméstica” e comercial e que soubo xogar coa plasticidade do ferro e da pedra. Introduce elementos tomados en préstamo dos arquitectos modernistas como son talos ondulantes de plantas liliáceas, lotos e tulipanes. Móvese entre a tradición e a innovación. Trátase dun ecléctico. Colaborador seu foi o artesán e fundidor Malingre. Vid: Ignacio Parada Vázquez ... [et al.], *El arquitecto Daniel Vázquez-Gulías*, Editorial:León: Edilesa, D.L. 1998.

fachada elegante de certo gusto modernista articulada en tres módulos, dous laterais e simétricos con cadanseu ventanal e remate cun elegante elemento cúbico que encadran o que chama máis a atención que é o corpo central cunha entrada principal á que se accede por unha escalinata, porta de dúas follas con ferros forxados e, na súa parte superior, o elemento decorativo entre pilastras que consiste nun arco con ferros forxados de motivos vexetais, e finalmente remate nun frontón pequeno circular. A ambos lados da porta hai, en total, catro grandes ventanais con motivos forxados.

A planta constaba dun espazo rectangular cunhas estancias menores, cabe pensar en diferentes aulas, estas están na parte anterior, é dicir, a continuación da fachada, cada unha delas presenta varias ventás, dúas cara a rúa e dúas cara a parte posterior. Todo parece indicar que esa parte posterior é un patio onde desenvolverían os docentes diferentes actividades pedagóxicas.

Logo de realizar todos os trámites pertinentes e presentados os informes, Don Francisco Villanueva Lombardero, Alcalde-Presidente del Excelentísimo Concello de Ourense di:

"Habiéndose solicitado licencia por Don Mariano Olmedo Reguera para construir un edificio con destino a las Escuelas del Avemaría, en la Plaza del Jardín de Posío, se instruyó el oportuno expediente, y oído el dictamen de las Comisiones de Policía Urbana y Sanitaria y Sr. Arquitecto Municipal, el Ayuntamiento, por acuerdo de veintidos de Abril de mil novecientos veintiuno, ha tenido por conveniente conceder la licencia solicitada, de acuerdo con lo informado, a condición de que el propeario ha de observar las reglas siguientes:

Que las obras se ejecuten con estricta sujeción al plano presentado, ciñéndose en todo a lo que previenen para estos casos las Ordenanzas Municipales, y satisfaga el arbitrio de ciento ochenta y siete pesetas cincuenta céntimos, correspondientes a 150 metros de fachada a razón de 1,25 el metro."<sup>31</sup>

Esta construción tivo a súa continuidade en anos vindeiros. No Arquivo do Concello de Ourense apareceu outro documento, a nome doutro solicitante, que require o permiso de obras dunha escola de Ave María en 1922, é dicir, un ano despois de que Don Mariano Olmedo así o fixera. O texto parece instar á Corporación a que se lle conceda á Escola un terreo que quedara en beneficio público, dito documento di textualmente:

Carlos Valencia Pérez, vecino de Orense provisto de cédula personal de 7ª clase nº 4406 como presidente de la Escuela de Ave María expone que para dar comienzo a las obras del edificio destinado a la escuela en la Plaza de Jardín, solicita de esa Corporación línea, la que acordada quedó en beneficio del Ayuntamiento una cantidad de terreo.

Suplica a dicha Exma. Corporación se digne ordenar que sea medida y justipreciado dicho terreno que quedó en beneficio público para que sea abonado como es de justicia. A veintiseis de marzo de 1922<sup>32</sup>.

---

31 AMOU, *Permiso de obras. Proyecto de Escuelas*, Caja 18, leg. 16.

32 AMOU, *Permiso de obras*, Legajo 16, Proyecto de escuelas. Plaza del Jardín, Caixa 18.

Temos xa asentada a Escola de Ave María que seguiu funcionando nos anos trinta. Esta nova ubicación, no cimo do Xardín do Posío, facía que estivese preto da Escola Laica Neutral e da Escola tamén laica creada por Don Manuel Sueiro na rúa da Liberdade e isto non parece ser casual. Como sabemos, a base ideolóxica avemariana tiña un evidente acento relixioso e patriótico e non se arredaba á hora de opoñerse a outras pedagogías máis laicas e modernas como as que comezaban a ter relevancia durante a Segunda República española. Deste xeito, como indicamos noutros traballos, en Ourense a Institución Avemariana quixo, en todo momento, contraponerse á Neutral situándose na mesma rúa. Tamén aproveitou medios como a prensa local para publicar reiterados artigos sobre a escola de Ave María presentándose como modelo de ensino cristián para pobres. Un xeito para facerse publicidade pero tamén para fornecer o conservadurismo<sup>33</sup>.

### **Colexio de Ave María no Cimo do Posío (Posteriormente Colexio Divino Maestro)**



(Fonte: Fotografía cedida polo Colexio Divino Maestro. Esta fotografía foi retocada para darlle un maior efecto)

### **Mestres formados en Ave-María que estiveron exercendo en Ourense**

Ademais destas escolas que foron de fundación Ave-María, temos constancia de mestres que se formaron nas Escolas de Maxisterio del Ave-María que pasaron por Ourense e exerceron na nosa provincia, como é o caso de Amador Bordajandi Sánchez.

<sup>33</sup> Vid: Xosé Manuel Cid Fernández, *Escola, Democracia e República. Teorías e institucións educativas en Ourense durante a IIª República*, Vigo, 1994, Xerais, p.199.



Amador Bordajandi Sánchez.

Vid: [http://www.webdebase.com/Trib\\_abierta/Ult\\_pag/2009/ult\\_pg\\_069.html](http://www.webdebase.com/Trib_abierta/Ult_pag/2009/ult_pg_069.html)

Amador Bordajandi Sánchez naceu en Aldeire, unha localidade pertencente ao Marquesado do Cenete, na comarca de Guadix, en 1903, o 27 de xaneiro. Era o primeiro fillo do matrimonio formado por Amador e Rosa. A súa nai, número uno na súa oposición ao Corpo de Mestras de Ensino Primario, elixira esta bonita poboación accitana por ser a máis próxima á cidade de Guadix, da que era natural. Amador foi fillo póstumo, pois o seu pai morreu deixando embarazada de cinco meses á súa nai.

A súa nai decide volver casar e co novo matrimonio, a súa nai dálle dúas irmás, María Luisa e Carmen. Rosa Sánchez volveu quedar novamente viúva, estado que mantivo até o seu falecemento.

Amador pasa da Escola ao Seminario de Guadix, que aos poucos anos deixa, para incorporarse ao estudo de Maxisterio nas Escolas da Ave-María. Alí coñece ao seu fundador, don Andrés Manjón, quen inflúe na súa formación pedagóxica e vocacional, obtendo o Título de Mestre de Primeiro Ensino. A súa primeiro escola tena no Fargue (Selecta), pasando logo a unha aldeíña de Ourense onde seguro aplicou a metodoloxía Manjoniana.

De regreso a Andalucía, nun dos seus destinos en Pegalajar (Xaén), coñece a unha moza mestra de Granada, Rosario Fontes Molina; casan no pobo natal da mesma no ano 1929. Logran ambos ser destinados a Baza, ela a unha escola de párvulos, el a unha unitaria de nenos. Os seus coñecementos de Latín, polos anos de estudo no seminario, axúdanlle a ser Profesor adxunto de Latín, no Instituto Nacional de Ensino medio de Baza<sup>34</sup>.

---

34 Vid: [http://www.webdebase.com/Trib\\_abierta/Ult\\_pag/2009/ult\\_pg\\_069.html](http://www.webdebase.com/Trib_abierta/Ult_pag/2009/ult_pg_069.html)

Deste xeito concluímos este estudo que aporta algo máis a cerca da historia educativa á provincia de Ourense, neste caso afofouse nunha experiencia pedagóxica que se espallou por toda a xeografía española cuns fins e obxectivos concretos, principalmente altruístas, para o ben das clases máis desfavorecidas. As súas repercusións deixárianse sentir nunha época na que o achegamento á educación era difícil para certos sectores sociais.